



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.gal

Abril 2018

## A CIG-Ensino consegue a equiparación do persoal docente temporal das universidades á hora de cobrar os complementos de investigación e docente

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galiza (ACSUG) vén de admitir parcialmente o recurso presentado en xaneiro deste ano á convocatoria que regula a avaliación previa para o cobro de complementos autonómicos polo labor docente e investigador por parte do persoal docente e de investigación (PDI) que traballa a tempo completo nas tres universidades galegas.

A aceptación parcial da demanda da CIG-Ensino suporá que o persoal que cumpra os requisitos fixados no Decreto 55/2004 que regula os complementos autonómicos, agás o da fixeza e estabilidade na praza que foi anulado tras o recurso do sindicato, poida pasar a percibir case 1.000€ máis ao ano no caso do complemento docente e ao redor de 900€ máis no de investigación.



Até o de agora a ACSUG limitaba ao persoal funcionario e contratado doutor con carácter fixo e estábel o acceso ás convocatorias para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas aos complementos autonómicos de recoñecemento de labor docente e investigador. Tal e como argumentaba a central sindical no seu recurso de reposición, “a discriminación do per-

soal interino e colaborador, así como do profesorado axudante doutor, contravén as directivas da Unión Europea e a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE que obrigan a outorgarlle os mesmos dereitos ao persoal fixo e eventual que presta servizos nas administracións públicas”.

Na resolución que estima parcialmente o recurso presentado pola

CIG-Ensino, a ACSUG accedeu a abrir un prazo adicional para que “o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor cuxa praza non sexa fixa ou estábel” -tal e como se cita na súa resolución-, poida acollerse a esta convocatoria”.

Para a CIG-Ensino estamos diante dun feito que debe supor un antes e un despois na actual discriminación

retributiva entre o persoal con emprego fixo e temporal nas tres universidades galegas. Aínda así, desde o sindicato alertamos da posibilidade de que a ACSUG pretenda limitar os efectos deste recurso á figura do persoal interino, deixando fóra outros perfís de contratación, como o persoal colaborador, o axudante doutor, etc... a quen a CIG-Ensinu incluía expresamente na demanda.

É de salientar que a ACSUG, antes de ditar esta resolución, elevou unha consulta á Asesoría Xurídica da Consellaría de Educación, que se reproduce no texto de resposta ao sindicato. Na resposta da administración indícase claramente que, "tendo presente a reclamación do sindicato, deixaríase de aplicarse o requisito da praza fixa e estábel", polo que fica claro que a decisión adoptada conta coa aprobación da Xunta de Galiza.

### Novo prazo para inscribirse

A estimación do recurso obriga a ACSUG a abrir un novo prazo para que poidan presentar a documentación pertinente as persoas con contrato temporal inicialmente excluídas. Segundo confirmación da propia axencia, en próximas datas publicarán unha resolución no DOG habilitando ese novo prazo para o persoal cuxa praza non sexa fixa ou estábel. Desde o sindicato animamos a todo o colectivo de traballadoras e traballadores que se poidan ver beneficiados por esta resolución a presentarse á avaliación do labor docente e investigador, sempre e cando cumpran os requisitos que figuran no Decreto 55/2004:

### 1) Para o recoñecemento do complemento ao labor docente:

- Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas galegas
- Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza.
- Ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia.
- Presentar unha memoria de autoavaliación.

### 2) Para o recoñecemento do complemento ao labor investigador

- Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas galegas
- Acreditar polo menos un ano de servizo na súa praza.
- Ter dedicación a tempo completo no exercicio da docencia.
- Ter presentado na Universidade un traballo de investigación que, sendo xulgado por un tribunal avaliador, lle teña outorgado o grao de doutor.
- Presentar unha memoria de autoavaliación na que consten os méritos investigadores do ou da solicitante.

### Modificación da normativa de complementos autonómicos

Por outro lado, e unha vez coñecida a resolución da ACSUG, favorábel á CIG-Ensinu, o sindicato vén de se dirixir ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que convoque a Mesa Sectorial de Universidades co fin de negociar a modificación do Decreto 55/2004, parcialmente alterado tras esta demanda. A central sindical pretende que se recolla expresamente que todos os colectivos de persoal docente e investigador (colaborador, axudante doutor, contratado interino, etc..) estean recollidos expresamente no Decreto, modificando tamén o II Convenio Colectivo de PDI Laboral no que teña a ver con esta norma. A CIG-Ensinu seguirá adiante con todas as medidas necesarias, quer na vía da negociación ou da xudicialización, se a primeira non se concreta, para rematar coa discriminación retributiva do PDI nas tres universidades galegas. Neste sentido, seguirá a defender que a igual traballo debe corresponder idéntico salario e dereitos, máis alá da relación temporal ou fixa das diferentes categorías do persoal docente e investigador.

